

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ANUNCIO do 14 de xuño de 2024 polo que se somete a información pública a solicitude de concesión administrativa presentada pola empresa Astilleros y Varaderos Lago-Abeijón, S.L. para a ocupación do dominio público, para o desenvolvemento da actividade de mantemento e reparación de embarcacións no porto do Freixo (expediente 12-40-24-C-1).

O presidente de Portos de Galicia acorda o 20 de maio de 2024 o inicio de trámite da solicitude de concesión administrativa presentada pola empresa Astilleros y Varaderos Lago-Abeijón, S.L. para a ocupación do dominio público portuario en superficie, lámina de auga e das edificacións 12.40.edf.002 (nave taller 1), 12.40.edf.005 (galpón 2) e 12.40.edf.006 (galpón 1) titularidade de Portos de Galicia, para o desenvolvemento da actividade de mantemento e reparación de embarcacións no porto do Freixo (expediente 12-40-24-C-1).

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público este trámite, para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas, por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia empregando o procedemento xenérico PR004A, e preferentemente por vía electrónica se se trata dun suxeito non obrigado.

Debido a que a ocupación solicitada excede os 2.500 m², en aplicación do artigo 68.2.c) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, ábrese a posibilidade de que se presenten outras solicitudes en competencia cos mesmos requisitos establecidos para unha solicitude de concesión, que afecte o mesmo espazo e co mesmo obxecto.

O prazo para presentar alegacións ou solicitudes en competencia será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación está á disposición na ruta web www.portosdegalicia.gal > Comunicacións e avisos > Procesos de información pública



Advírtese aos posibles interesados que o acceso ao dominio público portuario solicitado soamente é posible por vía marítima, xa que os terreos estremeiros á zona de servizo son propiedade de Astilleros y Varaderos Lago-Abeijón, S.L.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2024

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: ecocnht7-8i26-zty1-7c85-qn0s8uruxaq0

